



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito internacional público

Materia	Dereito internacional público			
Código	O03G081V01303			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Sánchez Ramos, María Belén			
Profesorado	Sánchez Ramos, María Belén			
Correo-e	bsanchez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende achegar ao alumno un coñecemento da dimensión xurídica da Sociedade Internacional e da función do Dereito Internacional Público como sistema regulador das relacións na orde internacional. Con esa finalidade, o Programa divídese en tres grandes partes: o ordenamento xurídico internacional; os suxeitos do Dereito Internacional Público e a aplicación do Dereito Internacional Público			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C35	CE43 - Coñecer o ordenamento xurídico internacional, identificar os seus problemas de aplicación e saber abordar a súa solución
C36	CE44 - Ser capaz de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico-internacional
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D2	Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Esta materia pretende posibilitar o ensino sistemático do Ordenamento xurídico que está destinado a regular a sociedade/comunidade internacional, facilitando a comprensión entre o alumnado dos problemas básicos que rodean aquel.	A1	B1	C35	D1
	A2	B2	C36	D2
	A3	B3		D3
	A4	B4		D4
Desde unha perspectiva xurídico-formal, o Dereito internacional preséntaselle ao alumnado na súa dimensión positiva, ofrecendo o maior número posible de referencias á normativa en vigor. Esta perspectiva complétase cunha aproximación histórico-sociolóxica, expoñendo ao alumnado as realidades subxacentes ás normas e o medio concreto en que estas están chamadas a rexer, posto que para un ensino eficaz da materia é fundamental unha exposición dos acontecementos históricos e dos acontecementos sociolóxicos.	A5			D5

Así mesmo, ambos os enfoques acompañanse dunha aproximación axiolóxica ao dereito internacional, coa finalidade de procurar unha constante valoración da norma co ideal de Xustiza. Desde logo, a dimensión finalista da actividade docente conduce a que o ensino non se reduza a unha descrición do ordenamento xurídico internacional, senón que debe facerse reflexionar o alumno sobre o conxunto de valores que inspiran e aos que aspira este ordenamento. Desta forma, ao ensinar e difundir o Dereito internacional preténdese contribuír, en boa medida, a facer progresar a Sociedade internacional e os suxeitos que a compoñen na vía da paz.

Tendo en conta o contido esencial desta disciplina científica, a súa docencia expónse desde unha visión realista, pero co firme propósito de facer partícipe o alumnado dos valores que inspiran o ordenamento xurídico internacional, apuntando, cando sexa posible, suxestións para a mellora das normas que o integran e insistindo, sobre todo, no seu cumprimento. Neste contexto sitúase unha das funcións máis importantes da docencia do Dereito internacional público: demostrarlle ao estudantado, e convencelo, de que esta é unha disciplina cada vez máis relevante na formación de todo xurista e que tomen conciencia da perspectiva internacional, que lles confire o coñecemento do Ordenamento xurídico internacional, como un elemento imprescindible do mundo interdependente.

A función docente universitaria, en que se combina unha función informativa e outra formativa, debe servir para formar xuristas que poidan atopar saídas profesionais vinculadas cos seus estudos pero, sobre todo, tamén debe servir para formar e potenciar as capacidades intelectuais dos estudantes para que poidan e saiban afrontar de forma crítica os valores e as actitudes sociais que se desenvolven nas sociedades nacionais e internacional de que eles forman parte.

Contidos

Tema

I. O Ordenamento Xurídico-Internacional

Lección 1 .- A Sociedade Internacional e o seu ordenamento xurídico	1. A Sociedade Internacional A) Evolución histórica B) Carácteres básicos 2.O Dereito Internacional como ordenamento xurídico da Sociedade Internacional A) Concepto de Dereito Internacional Público B) Carácteres do Dereito Internacional Público C) Funcións do Dereito Internacional Público
Lección 2.- A formación do Dereito internacional público	1. A creación e o desenvolvemento progresivo do Dereito Internacional Público 2. Os Tratados Internacionais A) O procedemento de celebración dos Tratados B) A aplicación dos Tratados 3. O costume e os principios xerais 4. Os actos unilaterais dos Estados e das Organizacións Internacionais 5. A recepción das normas internacionais nos ordenamentos internos
II. Os suxeitos do Dereito Internacional Público	
A) O ESTADO	
Lección 3.- O Estado como suxeito primario do Dereito Internacional Público	1. Os elementos constitutivos do Estado 2. O recoñecemento de Estados e o recoñecemento de gobernos 3.As inmunidades do Estado 4.A sucesión de Estados
Lección 4.- O territorio do Estado	1.Concepto e natureza do territorio 2.Modos de adquisición do territorio 3.A delimitación do territorio A) As fronteiras B) Relacións de veciñanza e cooperación transfronteriza 4. As modificacións no exercicio da competencia territorial do Estado

Lección 5.- A competencia territorial do Estado sobre certos espazos marítimos	1.A evolución do Dereito Mar: factores e intereses 2.Os espazos marítimos suxeitos á soberanía dos Estados 3.Os espazos marítimos suxeitos a certas competencias funcionais dos Estados 4.Os espazos marítimos non suxeitos ás competencias dos Estados e certas situacións especiais
Lección 6.- As competencias estatais sobre os espazos supraterrrestres	1.O espazo aéreo 2.Os espazos supraterrrestres non suxeitos ás competencias territoriais dos Estados: O espazo ultraterrrestre
Lección 7.- Outros espazos de interese internacional	1.Os cursos de auga internacionais 2.As canles internacionais 3.Os espazos polares 4.Espazos e recursos naturais: o medio ambiente e a súa protección internacional
Lección 8.-A poboación do Estado	1.A nacionalidade: competencias do Estado sobre os seus súbditos no estranxeiro 2.A condición xurídica do estranxeiro 3.Réximes cualificados de extranxería
Lección 9.- Os órganos do Estado nas Relacións Internacionais	1.Os órganos centrais 2.A representación diplomática 3.As oficinas consulares
B) AS ORGANIZACIONES INTERNACIONAIS	
Lección 10.- Aspectos xerais das Organizacións Internacionais	1.Antecedentes e evolución histórica 2.Concepto 3.Estrutura e formación da vontade 4.Personalidade xurídica internacional 5.Clases
Lección 11.-A Organización das Nacións Unidas	1.Antecedentes e evolución histórica 2.Propósitos e principios 3.Os membros 4.A estrutura institucional 5.As principais funcións
C) A PERSONA HUMANA	
Lección 12.- A persoa humana ante o Dereito Internacional Público	1.A subxetividade internacional do individuo 2.A capacidade de actuar do individuo ante órganos internacionais 3.A responsabilidade internacional do individuo 4.A protección dos Dereitos Humanos
III.A APLICACIÓN DO DEREITO INTERNACIONAL PÚBLICO	
Lección 13.-A responsabilidade internacional	1.Codificación e desenvolvemento progresivo do dereito sobre a responsabilidade internacional 2.A responsabilidade internacional por feitos internacionalmente ilícitos 3.A responsabilidade internacional polas consecuencias perxudiciais de actos non prohibidos polo Dereito internacional público
Lección 14.- Os procedementos para asegurar a aplicación das normas internacionais	1.A protección diplomática 2.As medidas de autotutela 3.Os procedementos institucionalizados
Lección 15.- Os procedementos pacíficos de solución das controversias internacionais	1.As controversias internacionais 2.Os procedementos non xurisdiccionais de solución de controversias 3.Os procedementos xurisdiccionais de solución de controversias
Lección 16.-O control do uso da forza	1.A prohibición da ameaza ou do uso da forza 2.A regulamentación dos conflitos armados 3.O Dereito Internacional Humanitario

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	23	39.8	62.8
Sesión maxistral	51.5	80.7	132.2
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	26	27

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Traballos de aula	Os traballos de aula dividiranse en diversas actividades nas que o alumno adquire un protagonismo fundamental. Estas actividades centraranse, basicamente, na realización de prácticas e exposición de traballos nas que o alumno debe saber manexar os principais instrumentos xurídicos internacionais.
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais presentarase ao alumno os conceptos fundamentais da asignatura

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Na sesión maxistral trátaranse as cuestións fundamentais da materia. As debidas poderán plantearse tanto nas sesións maxistrais, nas clases prácticas así como no horario de tutorías que se publicará o inicio do curso.
Traballos de aula	Nos traballos na aula o alumno aplicará os coñecementos adquiridos na sesión maxistral ben mediante resolución de casos prácticos, comentarios de Sentenzas, análises de Resolucións do Consello de Seguridade...

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Os coñecementos adquiridos na sesión maxistral serán avaliados mediante unha proba escrita que consistirá no desenvolvemento de catro preguntas. Esta proba escrita valorarase ata un máximo de 8 puntos. Non se alcanzará o aprobado se algunha pregunta é cualificada cun 0.	80	A2 B4 C35 D1 A3 C36 D5 A5
	Aqueles alumnos que opten polo sistema de avaliación continua, deben ter unha nota mínima nesta proba dun 3,5 e ningunha pregunta cualificada cun 0 para que se some a nota dos traballos na aula. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2016-2017 Resultados de aprendizaxe: Esta materia pretende posibilitar o ensino sistemático do Ordenamento xurídico que está destinado a regular a Sociedade/Comunidade internacional, facilitando a comprensión entre os alumnos dos problemas básicos que rodean ao mesmo.		
Resolución de problemas e/ou exercicios	O traballo de aula valorarase en atención a dous criterios: por unha banda, os casos prácticos e traballos que sexan obxecto de exposición na aula, así como, por outra banda, mediante os casos prácticos que deberán ser entregados ao profesor (dous durante o cuadrimestre). A nota máxima que se poderá obter é de dous puntos, repartidos da seguinte maneira: un punto máximo pola resolución e exposición de traballos en aula e 0,5 puntos máximo cada un dos traballos que deberán ser entregados ao profesor no prazo establecido.	20	A1 B1 C35 D1 A2 B2 C36 D2 A3 B3 D3 A4 B4 D4 D5
	Resultados de aprendizaxe: Esta materia pretende posibilitar o ensino sistemático do Ordenamento xurídico que está destinado a regular a Sociedade/Comunidade internacional, facilitando a comprensión entre os alumnos dos problemas básicos que rodean ao mesmo.		

Outros comentarios sobre a Avaliación

O primeiro día de clase, entregaráselles unha ficha de opción de avaliación,, que deberán entregar ao profesor, no prazo dunha semana, e na que deben optar entre o sistema de avaliación continua ou o sistema de avaliación final. Se optan pola avaliación continua, na primeira oportunidade de exame, non poderán acudir á modalidade de avaliación final. Aqueles alumnos que non se sometan á avaliación continua, a proba a realizar, modalidade avaliación fina*, constará de dous partes: a realización dunha proba escrita con cuestións de desenvolvemento así como a resolución dun caso práctico, exame que, en todo caso, representará el 100% da cualificación. Os alumnos que, optando polo sistema de avaliación continua non superen a materia na primeira oportunidade, conservaráselles a nota que obtivesen na avaliación continua cando se presenten á segunda oportunidade (exame de xuño e no seu caso, seguinte curso académico), tendo que realizar exclusivamente a parte teórica do exame que consistirá, do mesmo xeito que na primeira oportunidade, en preguntas de desenvolvemento sobre epígrafes do programa. O exame correspondente á Convocatoria Fin de carreira desenvolverase igual que o da modalidade avaliación final. As datas de avaliación serán as aprobadas en Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Díez de Velasco, M, **Instituciones de Derecho Internacional Público**, Última edición,

Díez de Velasco, M, **Las Organizaciones Internacionales**, Última edición,

Sobrino Heredia, JM, **Textos para el estudio del Derecho Internacional Público, del Derecho de la Unión Europea y el Derecho Internacional de los espacios**, 2016,

Carrillo Salcedo, J.A, **El Derecho Internacional en perspectiva histórica**, 1991,

Pastor Ridruejo, J.A, **Curso de Derecho Internacional Público y Organizaciones Internacionales**, Última edición,

Andrés Sáenz de Santa María, P, **Sistema de Derecho Internacional Público**, Última edición,

Remiro Brotons y otros, **Derecho Internacional. Curso General**, 2010,

Sánchez, V.M, **Derecho Internacional Público**, Última Edición,

Jiménez Piernas, C, **Introducción al Derecho Internacional Público. Práctica de España y de la Unión Europea**, Última edición,

Casanovas,O; Rodrigo,A, **Compendio de Derecho Internacional Público**, Última edición,

Casado Raigon, R, **Derecho Internacional. Parte General**, Última edición,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Relacións internacionais, constitución e Unión Europea/O03G080V01904

Unión Europea, constitución e medio ambiente/O03G081V01913

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito da Unión Europea/O03G081V01304

Outros comentarios

Para a preparación desta materia recoméndase o manual do Prof. Díez de Velasco e a Recopilación de textos do Prof. Sobrino Heredia
